

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 12:12 horas do día 21/04/23, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, sendo a súa suplente **D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D^a, ANA M^a MEJIAS SACALUGA, D. CARLOS LÓPEZ FONT, NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D^a IRIA LAMAS SALGUEIRA** en substitución de **D^a M^a VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D^a M^a PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. XOSE CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D^a MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 24/03/2023

2.- DAR CONTA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL PARA O ANO 2023

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras das subvencions a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan cos seus equipos ou deportistas, en competicións e actividades de ámbito inferior a estatal e aos clubs que participan na competición de fútbol Preferente Galicia grupo sur.

A concesión das subvencions estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 23/340.3410.489.23 do Orzamento da Deputación para o ano 2023 por un importe total de seiscentos cincuenta mil (625.000,00) euros; a distribución orzamentaria para cada liña será de:

Competicións de ámbito inferior a estatal.....575.000,00 €

Competición de fútbol Preferente Galicia grupo sur.....50.000,00 €

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra que participen en competicións e actividades de ámbito inferior a estatal e aos clubs que participan na competición de fútbol Preferente Galicia grupo sur.



4.- ROGOS E SUXESTIÓNS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:14 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

